

Á MESA DO PARLAMENTO

Juan Manuel Fajardo Recouso, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

Unha vez mais, o borrador de reparto presentado polo executivo central, ven de confirmar que o sector adicado á pesca da xarda en Galicia sufrirá unha discriminación ó respecto doutros armadores do resto do estado.

Este borrador elimina un 25% das posibilidades de pesca da nosa frota, xa escasa na actualidade, o que supón unha nova estocada á xa maltreita economía do sector, reparto realizado de forma desproporcionada e con criterios non entendibles dende o punto de vista social, e incluso denunciados xudicialmente neste momento.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión**:

Que consideracións e valoración fai a administración galega do borrador de reparto da cota de xarda para o 2015?

Ten previsto a administración galega iniciar algún proceso de renegociación ou iniciativas perante o Goberno central, de xeito que se termine coa discriminación da nosa frota ante o resto de frotas do estado?

Que iniciativas vai realizar a Xunta de Galicia para garantir unhas cuotas suficientes para a nosa frota?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2015.



Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 30/01/2015 11:00:17